

# HIPERESPAZOS A CASA FÓRA DA CASA

XORNADAS SOBRE RESIDENCIAS ARTÍSTICAS  
E XESTIÓN INNOVADORA DE ESPAZOS CULTURAIS  
E SOCIOCOMUNITARIOS



21, 22 e 23 de novembro  
Centro Ágora

[www.hiperespazos.tumblr.com](http://www.hiperespazos.tumblr.com)



CORUÑA  
> PRÓXIMA

eSe8



# **HIPERESPAZOS A CASA FÓRA DA CASA**

**XORNADAS SOBRE  
RESIDENCIAS ARTÍSTICAS  
E XESTIÓN INNOVADORA  
DE ESPAZOS CULTURAIS  
E SOCIOCOMUNITARIOS**

Ao longo destas xornadas, e dentro do proceso de repensar os usos dos espazos e equipamentos institucionais existentes na nosa cidade, coñeceremos certos exemplos inspiradores da península que funcionan de xeito innovador arredor do concepto de residencia artística, da planificación e uso integral de espazos culturais e sociocomunitarios e da aposta de cada territorio polo seu talento artístico e polo desenvolvemento da súa creatividade.

Queremos imaxinar alén do que coñecemos. Queremos comezar a bosquejar xuntas un horizonte aberto, libre e plural para a convivencia e o desenvolvemento creativo dentro dos nosos equipamentos, un horizonte sustentable e digno que sirva tamén como garante das condicións materiais, económicas e de vida dos axentes relacionados coa cultura no noso territorio. Comecemos unha travesía cara ao hiperespazo.

O hiperespazo defínese pola súa falta -ou imposibilidade- de definición. É o misterio, o infinito sen fronteiras onde podemos reinventarnos ou repensarnos. A páxina ou o lenzo en branco, o escenario baleiro, o espazo en silencio. É un lugar disposto á experimentación, a que aconteza nel o descoñecido. Dentro do hiperespazo atopamos máis que unha relación espazo-tempo. Atopamos outras moitas dimensións e capas, magnitudes máis intanxibles como os afectos, o acompañamento, o coidado, a flexibilidade, e tantas outras por revelar. É un espazo baleiro, flexible e aberto, disposto a ser habitado de tal xeito que poida darse ese paradoxo tan especial e inspirador: o de sentirse como na casa, aínda estando fóra da casa.

Durante as xornadas, ademais de achegarnos aos universos particulares de proxectos e persoas convidadas –que compartirán a súa experiencia dende bibliotecas, centros cívicos e sociais, espazos culturais, residencias artísticas, espazos auto-xestionados...– propoñemos unha viaxe conxunta a eses universos comúns polos que é preciso transitar para construír un proxecto innovador, dinámico, aberto, participado, integrador e sustentable. Deste xeito, ao longo de tres días abriremos distintos espazos de aprendizaxe colectiva para imaxinar xuntas eses universos que configuran o hiperespazo: as persoas (equipos e usuarias), as estruturas administrativas e xurídicas, os afectos, os recursos económicos, os recursos técnicos e materiais, o diálogo co contexto, e os criterios e identidade propias.



## MARTES 21 DE NOVIEMBRE

### XORNADA DE TARDE

- 16.00 - 16.30 h Benvida  
16.30 - 17.00 h Presentación Hiperespazos  
17.00 - 17.45 h **Diego Garulo sobre Harinera ZGZ**  
17.45 - 18.15 h PAUSA  
18.15 - 19.00 h Entrevista a Santiago Eraso  
19.00 - 20.00 h **Universo PERSOAS**

Con Diego Garulo, Santiago Eraso e Cris Alonso

## MÉRCORES 22 DE NOVEMBRO

### XORNADA DE MAÑÁ

10.00 - 10.45 h Natalia Oliete e María Bascompte sobre Casa Orlandai

10.45 - 11.30 h Cristina Alonso sobre El Graner

11.30 - 12.00 h PAUSA

12.00 - 13.15 h

### Universo ESTRUCTURAS ADMINISTRATIVAS E XURÍDICAS

Con Xesús Ron, Natalia Oliete, María Bascompte, Marta García e Diego Garulo

13.15 - 14.00 h Entrevista a Laia Forné

### XORNADA DE TARDE

16.00 - 16.45 h Montse López e Santiago López sobre EVA Arganzuela

16.45 - 17.30 h Xesús Ron sobre Grupo Chévere como compañía residente

17.30 - 18.00 h PAUSA

18.00 - 19.15 h

### Universo AFECTOS

Con Cris Alonso, Elvira Vila, Xesús Ron, Santiago López e Montse López

19.15 - 20.00 h Alberto Fortes e Alfonso Rodríguez sobre Proxecto Cárcere

20.00 - 20.45 h

### Universo RECURSOS

Con Tere Badia, Laia Forné e Diego Garulo

## XOVES 23 DE NOVEMBRO

### XORNADA DE MAÑÁ

10.00 - 10.45 h Elvira Vila sobre Ca N'Altimira

10.45 - 11.30 h Ángel García Seoane sobre equipamentos municipais do Concello de Oleiros

11.30 - 12.00 h PAUSA

12.00 - 13.15 h

### Universo DIÁLOGO CO CONTEXTO

Con Cris Alonso, Carmen Cotelo, Diego Garulo e Elvira Vila

13.15 - 14.00 h Tere Badia sobre Hangar

### XORNADA DE TARDE

16.00 - 16.45 h Colectivo RPM sobre Residencias Paraíso

16.45 - 18.00 h

### Universo DIÑEIRO

Dinámica conxunta coa mediación de RPM

18.00 - 18.30 h PAUSA

18.30 - 19.30 h

### Universo CRITERIOS E IDENTIDADE

Con Tere Badia, Cris Alonso, Montse López e Santiago López

19.30 - 20.00 h Posta en común e peche

# UNIVERSO PERSOAS

Con Santiago Eraso, Diego Garulo e Cris Alonso

Neste universo falamos das persoas que habitan, habitaron ou habitarán un hiperespazo. Sen elas, o hiperespazo nin sequera se constitúe.

Nun hiperespazo converxen normalmente persoas que son anfitriñas (como un equipo responsable) e persoas que son hóspedes (como as convidadas, usuarias, beneficiarias...). Nalgúns casos están claramente identificadas, noutros casos os perfís son máis abertos, e ata pode darse que un conxunto de persoas decidan asumir ou alternar ambos os dous roles. Non hai unha fórmula única. Pero si podemos procurar as cuestións que nos poden axudar a definimos como habitantes de cada hiperespazo particular. Será cousa dos diferentes grupos de persoas a tarefa de atopar as respostas axeitadas para dar coa súa fórmula de habitar e convivir.

Nesta sesión imos comentar algúns exemplos particulares de como se ten articulado o “universo persoas” en casos concretos. E compartiremos algunhas das preguntas fundamentais que xorden cando falamos deste tema, como por exemplo: cal é o equipo mínimo dun hiperespazo?, como pode un hiperespazo ser integrador e inclusivo e, ao mesmo tempo, dirixirse ás necesidades dunha comunidade ben concreta?



# UNIVERSO ESTRUTURAS ADMINISTRATIVAS E XURÍDICAS

Con Xesús Ron, Natalia Oliete, María Bascompte, Marta García e Diego Garulo

Entre as persoas que comparten un hiperespazo poden darse moitos tipos de relacións, ás veces preestablecidas e continuadas no tempo, ás veces abertas e intermitentes, ou ambas.

As persoas definen o modelo de xestión e de usos para poñer en práctica eses tipos de relacións e así comezar a facer cousas: dende un modelo de toma de decisións, un organigrama ata unhas normas de uso. Eses modelos, ao igual que as relacións, son múltiples (cambian dun hiperespazo a outro), limitados e limitantes, pero tamén flexibles e posibilitadores. Detrás deles están as estruturas administrativas e xurídicas, que non son outra cousa que contratos sociais e que, como tales, poden modularse e revisarse.

Neste universo coñeceremos casos de solucións xenuínas e obstáculos habituais; tentaremos exercitar a conexión entre persoas e estruturas, rompendo a oposición habitual de sentimentos “dentro” ou “fóra”; e lanzaremos cuestións prácticas que serán chaves para abrir posibilidades, como por exemplo, que ferramentas xurídicas temos actualmente para acoller a unha compañía en residencia?, e para lle ceder á veciñanza a xestión ou o uso dun espazo municipal?, que novos tipos de cláusulas lles engadiríamos aos contratos?


## UNIVERSO AFECTOS

Con Cris Alonso, Elvira Vila, Xesús Ron, Montse López e Santiago López

A calidade da experiencia -xa sexas usuaria dunha biblioteca, artista residente nun país que non é o propio ou traballadora dun proxecto colectivo para o parque do teu barrio-, vén determinada en gran medida polo grao de coidado, de acompañamento e de afecto co que as persoas se relacionaron unhas coas outras.

Máis que nunca parece necesario feminizar as prácticas de relación de xeito que as redes colaborativas se consoliden grazas a un maior e mellor coidado. Do mesmo xeito que precisamos quecer o espazo, parece importante subliñar que unha mesma cadeira non é cómoda para todo o mundo: un plan ten que permitir unha certa transformación de acordo non só á diversidade senón tamén ao imprevisible, o que esixe de nós unha flexibilidade e capacidade de atención e transformación en directo.

Un hiperespazo é un ecosistema vivo, mutante. No tempo que compartiremos para este universo escolliremos algúns exemplos das experiencias de persoas convidadas e preguntaremonos xuntas cuestións como: estamos acostumadas a facer un exercicio de empatía?, ata onde é posible estirar as marxes que nos permiten acoller o imprevisto sen poñer en crise o funcionamento orgánico do noso hiperespazo?



## UNIVERSO RECURSOS

Con Tere Badia, Laia Forné e Diego Garulo

Cando visitamos por primeira vez un espazo, a parte máis visible soen ser os recursos materiais e técnicos que posúe: instalacións, mobiliario, tecnoloxía... Polo tanto cando falamos de recursos, falamos irremediamente de condicións mínimas de traballo. De condicións mínimas e de condicións de excelencia tamén, en definitiva de graos de adecuación de espazos para as distintas tipoloxías de usos. Non podemos convidar a vinte persoas a comer sen non temos vinte pratos limpos na nosa cociña.

O que podemos facer vai en paralelo ao que podemos ofrecer. Neste universo imos centrarnos nos recursos tanxibles dos que se agarda unha xestión responsable e optimizada, que salve as circunstancias habituais de infrauso de equipamentos, e que permita liberar os recursos de xeito amplificado. Falaremos tamén de cuestións como “inventario” ou “catálogo” e a súa protección, tentando abrir un paralelismo con, por exemplo, a naturalidade do servizo de préstamo das bibliotecas. Compartiremos algúns casos reais que deron resposta a preguntas como as seguintes: como conseguimos ter unha cociña nun espazo que a priori non o contempla como posible?, é posible ter as chaves dun equipamento municipal?


# UNIVERSO DIÁLOGO CO CONTEXTO

Con Cris Alonso, Carmen Cotelo, Diego Garulo e Elvira Vila

Este universo pretende abordar os mecanismos de relación entre os distintos axentes involucrados ou afectados pola deriva dun espazo ou programa, a interrelación entre as distintas capas.

Parece propio dun hiperespazo o traspasar os seus propios muros para construírse a si mesmo de xeito expandido, entender a súa zona de acción como interdependente dun ecosistema amplo e diverso. A maneira de activar este diálogo de xeito que alimente e constrúa as lóxicas de cada caso será o foco deste espazo de aprendizaxe colectiva.

Abordaremos a cuestión dos canais de participación, de como facemos convivir a participación individual e solitaria (a dos canais dixitais, por exemplo, que conducen a un colectivismo atomizado) cos espazos de convivencia real, onde, presumiblemente, o contacto de proximidade garante un coñecemento máis profundo, unha relación máis sólida. Cando, como e onde coñecemos o outro?, como detectamos as necesidades e demandas de cada capa?, que entendemos por dinamizar un espazo?, canto do outro sabemos e canto presupoñemos?



# UNIVERSO DIÑEIRO

Dinámica conxunta coa mediación de RPM

O orzamento co que conta un espazo é outro dos ingredientes fundamentais da viabilidade no tempo dun proxecto. Parece que a nosa falta de costume ao falar de cartos empape todo dun certo pudor á hora de trasladar abertamente as cuestións económicas. Nos últimos anos, grazas á activación de mecanismos de transparencia, comezamos a entrever cada vez máis os movementos económicos dun espazo ou proxecto, con todo aínda é tímida a nosa relación pública cos cartos, son poucos os exemplos e pouca a accesibilidade a datos lexibles.

Falar de diñeiro significa falar de dignidade profesional e de sustentabilidade.



Tamén significa falar de partidas orzamentarias, de intercambios xustos e de contra partidas -a miúdo retribucións trampa-. Neste universo preguntáronos, por exemplo, cales son as partidas que poñemos primeiro e cales son as que deixamos para o final cando facemos un orzamento, que opinamos da extensión do micromecenado ou como repartimos os cartos entre a preservación do noso patrimonio e o apoio a creadores vivos. Sen deixar de lado cuestións como a de como facer posibles as apostas de investimento en tempos de crise ou canto de pudorosos somos cando falamos do que cobramos.

## UNIVERSO CRITERIOS E IDENTIDADE

Con Tere Badia, Cris Alonso, Montse López e Santiago López

Posiblemente unha das partes máis complexas e ao mesmo tempo máis apaixonantes da creación dun hiperespazo é a construción da súa identidade. Segundo como sexa o seu nacemento así serán as claves e os criterios que definan o seu ADN, sempre tendo en conta que as necesidades dunha comunidade se transforman ou cambian co tempo. É moi construtivo ter referentes que nos poidan inspirar coa intención de comprender o xeito de abordar problemáticas similares noutros contextos. Pero os contextos son sempre diferentes e a identidade dun espazo corre certo perigo se tentamos trasladar ou copiar un modelo de éxito doutro lugar. Non é tanto ser orixinal senón auténtico. Tamén xorden preguntas arredor dos criterios que validan as actividades que se van realizar nun hiperespazo: como se acordan eses criterios?, como decidir ou compaxinar entre a programación aberta e participada e o apoio ao coñecemento específico e experto?, pode un modelo de xestión colectiva atender a sectores e persoas concretas?





## DIEGO GARULO (HARINERA ZGZ)


[www.harinerazgz.wordpress.com](http://www.harinerazgz.wordpress.com)

Xestor cultural. Técnico de planificación, cooperación e novos proxectos da Sociedade Municipal Zaragoza Cultural, ideando e xestionando iniciativas relacionadas coa planificación cultural, a xestión compartida, a cooperación e o territorio. Actualmente é o coordinador polo Concello de Zaragoza de Harinera ZGZ, unha antiga fábrica recuperada como espazo de cultura comunitaria dedicado á participación activa, o empoderamento e a transformación urbana a través da creatividade. O seu modelo de xestión é innovador en todo o Estado, sucede de xeito compartido entre institución, tecido veciñal e axentes culturais.

## SANTIAGO ERASO

[www.santieraso.wordpress.com](http://www.santieraso.wordpress.com)

Investigador e profesional de ampla traxectoria no campo da arte e a cultura, Santiago Eraso foi director de Arteleku, Centro de Arte y Cultura Contemporánea, institución pioneira das actuais fábricas de creación e medialabs; director Cultural de DSS2016EU; e director de contidos e infraestruturas da empresa municipal Madrid Destino, responsable da xestión de Matadero Madrid, Conde Duque, Medialab-Prado e CentroCentro Palacio de Cibeles, entre outros espazos. Como axente autónomo e independente segue investigando e traballando no campo da arte e a cultura. Mantén un blog sobre arte, cultura, ética e política no que poden lerse reflexións e documentación sobre os proxectos nos que está involucrado e en cuxos dous epígrafes principais quedan resumidas as súas obsesións persoais: Pensar Europa e A Cultura como Ben Común.



## NATALIA OLIETE E MARÍA BASCOMPTE (CASA ORLANDAI)


[www.casaorlandai.cat](http://www.casaorlandai.cat)

Natalia Oliete é directora e María Bascompte é socia e voluntaria da Asociación Cultural Casa Orlandai, entidade responsable da xestión cívica de Casa Orlandai. A casa é un equipamento de titularidade municipal do Concello de Barcelona situado no barrio de Sarrià, desde o que se traballa para facer posible a participación de todas as persoas e entidades que se sintan identificadas cos seus obxectivos, baixo os eixos principais de arte, convivencia e transformación social. A AC Casa Orlandai é unha entidade constituída froito dunha reivindicación veciñal que se creou para reclamar a reapertura dun edificio histórico que ata o 2003 foi sede de dous centros educativos singulares, a Escola Talitha e a Escola Orlandai. En 2007 o edificio abre as súas portas ao barrio como C.C. Casa Orlandai, un centro cultural de xestión cívica da rede de centros cívicos de Barcelona. A Casa aloxa actualmente 29 entidades, ofrece diversos servizos e un completo programa de talleres e actividades culturais. Un dos seus obxectivos é contribuír á dinamización social e cultural da súa contorna, polo que participa en diversas comisións e proxectos como a Taula de Sarrià, a Comissió de Festes ou o proxecto Radars. Tamén colabora con entidades sociais do distrito. Forma parte de diversos espazos de coordinación de xestión comunitaria en Barcelona como A Plataforma de Gestió Comunitària eLa Xarxa d'espais comunitaris, entre outros. Realiza proxectos comunitarios máis aló da xestión de Casa Orlandai como Espai Gardenyes, o Mapa Verd e a Dinamització de l'Economía Social i Solidària do distrito de Sarrià-Sant Gervasi. Actualmente forman parte da asociación 40 entidades e 250 socios individuais e familiares.

## CRISTINA ALONSO (EL GRANER)

[www.granerbcn.cat](http://www.granerbcn.cat)

Cristina Alonso é coordinadora artística de El Graner, o centro de creación das artes do movemento de Barcelona, dependente do Mercat de les Flors e que forma parte do proxecto integral de Fábricas de Creación do Concello de Barcelona. Os eixos principais de Graner son: creación, internacionalización, pensamento, educación e proximidade, e caracterízase por unha organización inclusiva e estreita co público, favorecendo numerosos espazos e dinámicas de proximidade e rede.



## **LAIA FORNÉ (ÁREA DE PARTICIPACIÓN E TERRITORIO DO AJUNTAMENT DE BARCELONA)**

[www.decidim.barcelona](http://www.decidim.barcelona)

[www.ajuntament.barcelona.cat/culturaviva](http://www.ajuntament.barcelona.cat/culturaviva)

Laia Forné é socióloga urbana especializada na investigación e acción pola xestión dos xéneros e a inclusividade no eido da planificación e ordenación urbana. Participa en diferentes movementos urbanos da cidade de Barcelona cos que ten realizado procesos de participación e intervención urbana. Actualmente é asesora da Regiduría de Participación i Territori do Concello de Barcelona, dende o cal se impulsan ferramentas dixitais e procesos presenciais. Na plataforma <https://decidim.barcelona>, delibérase sobre asuntos como o Plan de Actuación Municipal 2016-2019, que establece as liñas prioritarias de actuación do goberno da cidade.

## **MONTSE LÓPEZ E SANTIAGO LÓPEZ (EVA ARGANZUELA)**

[www.evarganzuela.org](http://www.evarganzuela.org)

Montse López e Santiago López son membros de EVA Espacio Vecinal Autogestionado en Arganzuela, un proxecto que reúne dende 2014 a diferentes persoas de movementos veciñais, sociais e de entidades cidadás no distrito de Arganzuela, e que son responsables conxuntamente do proceso de cesión por parte do Concello de Madrid dun espazo de autoxestión cidadá para usos socioculturais, o Mercado de froitas e verduras.

## **MARTA GARCÍA PÉREZ**

[www.coruna.es](http://www.coruna.es)

Licenciada en Dereito pola Universidade de Santiago de Compostela, doutora en Dereito pola Universidade da Coruña e Premio Extraordinario de Doutorando da Universidade da Coruña. É profesora titular de dereito administrativo na Universidade de Coruña e na actualidade é directora da Asesoría Xurídica do Concello da Coruña. Autora de numerosas monografías, artigos e capítulos sobre Dereito Administrativo e de distintos informes xurídicos encargados por administracións públicas e empresas privadas, é ademais maxistrada suplente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia dende 2011.

## **XESÚS RON (GRUPO CHÉVERE)**

[www.grupochevere.eu](http://www.grupochevere.eu)

Co-fundador da compañía galega Chévere (Premio Nacional de Teatro), foi co-responsable da xestión e programación dunha das salas alternativas de referencia no noso territorio, a Sala Nasa de Santiago de Compostela (1992-2011). Dende o ano 2012 Chévere desenvolve un proxecto de residencia teatral no Concello de Teo (A Coruña), un modelo experimental de relación público-privado que ten como obxectivos fixar o funcionamento dunha compañía de teatro a un espazo estable implicándose nunha contorna local para rendibilizar o uso dos espazos públicos, mellorar a estabilidade laboral dos profesionais do teatro e capitalizar o prestixio e o know how dunha compañía como Chévere en beneficio da comunidade que a acolle.

## **ALBERTO FORTES, ALFONSO RODRÍGUEZ E CARMEN COTELO (PROXECTO CÁRCERE)**

[www.proxectocarcere.blogaliza.org](http://www.proxectocarcere.blogaliza.org)

Proxecto Cárcere é unha entidade activa dende o 2010 para reivindicar a rehabilitación e o aproveitamento veciñal e social da antiga prisión provincial da Coruña, espazo en estado de abandono propiedade do Ministerio do Interior. O pasado mes de agosto gañaron un concurso público proposto dende o Concello da Coruña, co que pasarán a dinamizar o edificio da antiga Prisión Provincial da Coruña. “Pode ser parte da Plataforma Proxecto Cárcere calquera persoa ou colectivo que sexa afín aos seus intereses e obxectivos. Cadaquén pode participar da maneira que considere máis axeitada e dacordo coa súa dispoñibilidade. O importante é que todas e todos podamos aportar o noso gran de area para construír un proxecto colectivo que responda á diversidade social e cultural da cidade da Coruña.”

## **ELVIRA VILA CAELLES (CA N'ALTIMIRA)**

[www.cerdanyola.cat/canaltimira](http://www.cerdanyola.cat/canaltimira)

Elvira Vila é a 1ª tenente de Alcaldía e Regidora de Drets Civils, Serveis Sociais i Habitatge, Educació i Cultura do do Concello de Cerdanyola del Vallès, dende o cal se ten facilitado e liderado o proceso de participación cidadá para a definición do uso e xestión do edificio de Ca N'Altimira (antiga biblioteca de Cerdanyola) para a elaboración colectiva dun documento marco e uns plans, a partir do traballo conxunto entre técnicos da administración, axentes sociais e cidadanía en xeral, poñendo o énfase na atención e economía de proximidade e na innovación social. Ademais deste, dende o Concello estanse a impulsar outros procesos de participación cidadá como o Consell d'infants i adolescents de Cerdanyola ou o proceso para a definición da Festa Major.

## ÁNGEL GARCÍA SEOANE (CONCELLO DE OLEIROS)

[www.oleiros.org](http://www.oleiros.org)

Ángel García Seoane é o alcalde do Concello de Oleiros (A Coruña) entre 1985 e 1995, e dende 2003 á actualidade. Cunha poboación que ronda os 40.000 habitantes o Concello de Oleiros é o responsable directo da xestión e mantemento de numerosas infraestruturas que son empregadas polas diferentes entidades sociais, culturais e deportivas da contorna, a través do desenvolvemento dun sistema de acceso facilitado que lle permite á veciñanza o uso destes equipamentos municipais. A título individual, calquera persoa veciña pode solicitar unha das oito casas destinadas ao préstamo para realizar festas ou xuntanzas privadas entre amigos ou familiares.

## TERE BADIA (HANGAR)

[www.hangar.org](http://www.hangar.org)

Tere Badia é dende 2010 a directora de Hangar, o centro de creación e investigación en artes visuais de Barcelona, un dos máis recoñecidos exemplos de apoio á produción artística da península, proxecto que iniciou as súas actividades nunha nave de Can Ricart no barrio de Poblenou, alugada pola AAVC (Asociación de Artistas Visuais de Cataluña) en 1997. Dende 2003 o proxecto está xestionado pola Fundació privada AAVC. Actualmente recibe o apoio da Generalitat de Catalunya e do Concello de Barcelona, este último no marco do programa Fàbriques de Creació del Institut de Cultura de Barcelona, actual propietario dos edificios. Hangar tamén conta coa colaboración da Fundació Banc de Sabadell, a Fundación Daniel e Nina Caraso, e da Comisión Europea para o desenvolvemento de proxectos específicos. Hangar, ademais de ser un espazo para residencias artísticas ofrece servizos de alugueiro de equipamento, asistencia técnica, asesoramento e acompañamento á produción e un contexto para a investigación artística e interdisciplinar. Desenvolve o seu propio programa de actividades, que inclúe, entre outras, presentacións, obradoiros e outras actividades para compartir coñecemento de forma transversal.

## CATERINA VARELA E FÉLIX FERNÁNDEZ (COLECTIVO RPM)

[www.colectivorpm.gal](http://www.colectivorpm.gal)

Caterina Varela e Félix Fernández son dous dos cinco compoñentes que, xunto con Rut Balbís, Alexis Fernández (Maca) e Andrea Quintana conforman hoxe RPM, un colectivo de recente creación composto por artistas cunha ampla traxectoria na creación contemporánea en Galiza, focalizado no desenvolvemento de proxectos para a mellora do contexto das artes vivas do noso territorio. Unha das liñas principais de RPM é o programa Residencias Paraíso, un programa piloto de residencias artísticas para as artes do movemento en Galicia, que lanzou a súa primeira convocatoria co apoio da Axencia Galega das Industrias Culturais e a colaboración de distintos concellos do noso territorio.

Máis info en

[www.hiperespazos.tumblr.com](http://www.hiperespazos.tumblr.com)  
[hiperespazos@coruna.es](mailto:hiperespazos@coruna.es)

Acceso libre ata completar a  
capacidade, con inscrición previa

CANDO:

21, 22 e 23 de novembro


ONDE:

Centro Ágora  
Lugar da Gramela, 17, A Coruña

981 189 888

[agora@coruna.es](mailto:agora@coruna.es)

[www.coruna.es/agora](http://www.coruna.es/agora)



**ORGANIZACIÓN:**  
**CONCELLARÍA DE CULTURAS, DEPORTE E COÑECEMENTO**  
**CONCELLARÍA DE PARTICIPACIÓN E INNOVACIÓN DEMOCRÁTICA**



**CORUÑA**  
**> PRÓXIMA**

**CURADURÍA E MEDIACIÓN:**  
**COLECTIVO RPM**  
**CATERINA VARELA, FÉLIX FERNÁNDEZ E SABELA MENDOZA**



**PRODUCCIÓN:**  
**ASOCIACIÓN CULTURAL eSe8**

**eSe8**

[www.hiperespazos.tumblr.com](http://www.hiperespazos.tumblr.com)